

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de agosto de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez

Invitados

D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de agosto de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(915).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxente do 20 e 21 de xullo de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(916).- PROXECTO DE CONVENIO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓNS HISTÓRICA E DIVULGATIVA DA CIDADE. EXPTE. 12856/101.

Visto o informe xurídico do 27.07.15, e o informe de fiscalización do 29.07.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Relacións Públicas, do

17.07.15, conformado polo concelleiro de Xestión municipal e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 3 de marzo de 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito do presidente do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvemento da súa actividade.

2º.- Faise constar que o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES naceu en 1991 a instancias do Alcalde de Vigo D. Manuel Soto Ferreiro, integrándose na Fundación Provigo no ano 1994, có obxectivo de axilizar o seu movemento. Rota a vinculación coa Fundación Provigo, no ano 2011, o Instituto de Estudios Vigueses adquire personalidade xurídica propia segundo a documentación xunta no expediente. Por tratarse dunha institución de interese municipal o presente Convenio se artella de xeito de manter unha relación directa con este concello, resultando polo tanto idóneo para o desenvolvemento das tarefas acordadas polo Concello e o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES a figura do Convenio, por non tratarse dun contrato, pola propia personalidade da entidade colaboradora e o propio Concello, existindo a oportuna prestación de interese público municipal, posibilidade que se contempla no decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril (Art.111).

3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria das actividades realizadas e a realizar.
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.
- Copia dos estatutos do IEV.
- Copia do DNI do presidente do IEV.
- CIF sociedade.
- Certificación bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.
- Certificado da exención do IVE

4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01, a cantidade de 37.000 euros.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal polo INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES para o desenvolvemento da súa actividade de interese público e cultural, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade,

libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; que “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local”; que “En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación” e, por último, que “3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.

Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a investigación histórica da cidade coas correspondentes publicacións.

Tercera.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) promoción da cultura e equipamentos culturais..

Cuarta.- A actividade de investigación da historia de Vigo e as publicacións consideradas de interese social para esta cidade, é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuír, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor deste instituto, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01, a cantidade de 37.000 euros.

Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvencións establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007 LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.

Sétimo.- Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Oitavo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. “Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 37.000 euros, a favor do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01 “Convenio Instituto Estudos Vigueses”, en concepto de subvención a actividade desta asociación no*

ano 2015. A entrega da subvención ao INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES realizárase contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes as actividades realizadas no ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2015”.

2. Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar á execución do programa de actividades realizadas e por realizar na cidade polo instituto solicitante no ano 2015; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACION HISTORICA E DIVULGATIVA DA CIDADE

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra parte D. Xoan Carlos Abad Gallegoo, presidente do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES C I F núm. G 27767524 . e enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 2 – 2º da cidade de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES e unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de servizos de investigación e difusión da historia da cidade de Vigo, conforme ó establecido na L. 7/85 de 2 de abril, como a promoción da cultura e equipamentos culturais.

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES .

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01, como subvención nominativa, a favor do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES , a cantidade de 37.000 euros.

IV.- Que o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo máis arriba citado.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de actividades para o ano 2015, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 12856/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstas polo instituto no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

En todo caso, o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES queda suxeito ás seguintes obrigas:

- Establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará a Alcaldía de Vigo cunha antelación mínima de quince días.
- O Concello de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen das actividades, aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador. IEV achegará probas deste material con anterioridade á súa impresión para conformidade do Concello de Vigo e do seu logotipo.
- O IEV asumirá tódolos gastos e pagamento relativos a totalidade o desenvolvemento do programa, e entregará a Alcaldía vinte exemplares das publicacións que se realicen durante o ano 2015.
- O IEV completará o fondo editorial na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, no Museo de Castrelos e Arquivo Municipal e, emitirá os informes que se lle poidan requirir pola Alcaldía por asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nome no rueiro da cidade

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar có INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos culturais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción d o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES (revista, web, etc).

3º.- Conceder ao INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES unha subvención por importe de 37.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01 "Convenio Instituto de Estudos Vigueses" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación cultural no ano 2015. A entrega da subvención ao INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as

actividades realizadas no ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 20 de novembro de 2015.

4º.- O Concello de Vigo porá a disposición do Instituto de Estudos Vigueses o local sito no segundo andar do edificio da Rúa Cánovas del Castillo nº 2 de Vigo, para a execución dos traballos de interese municipal regulados no presente convenio, mediante outorgamento da autorización administrativa que deberá solicitar esta entidade.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2015.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2015", deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi deeuros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Noveno.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2015.*

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- *A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2015. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación, previa comunicación das partes cunha antelación mínima de 15 días.

Décimo primeiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo segundo.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición,*

estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2015.

3(917).- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ÁREA DE URBANISMO POR PERÍODO VACACIONAL.

Examinadas as propostas da Alcaldía-Presidencia de data 04 e 07 de agosto do 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Avogar as competencias delegadas da área de Urbanismo, na concelleira D^a M^a José Caride Estévez que se conteñen no acordo da Xunta de

Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 dende o día 18 ao día 21 e dende o día 24 ao día 25 de agosto de 2015, ambos incluídos, recuperando novamente a súa vixencia a devandita delegación ao día seguinte dos períodos indicados.

Segundo.- Delegar no concelleiro D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA as competencias da Xunta de Goberno Local referidas a área de Urbanismo, en todos os termos que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local (sesión do 19 de xuño do 2015), dende o día 18 ao día 21 de agosto do 2015 , ambos incluídos.

Terceiro.- Delegar no concelleiro D. CARLOS LÓPEZ FONT as competencias da Xunta de Goberno Local referidas a área de Urbanismo, en todos os termos que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local (sesión do 19 de xuño do 2015), dende o día 24 ao día 25 de agosto do 2015, ambos incluídos.

Cuarto.- Notificar o acordado aos concelleiros e demais persoal interesado e dar conta mediante a intranet municipal.

Quinto.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose ademais na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no art. 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Darase conta del ao Pleno da Corporación para os efectos de información.

4(918).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 16774/332.

Dáse conta da proposta de data 31.07.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo desta Mesa, adoptado na sesión de data 2 de xuño de 2015 de “non admitir a oferta presentada por UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES xa que non declarou, no prazo de subsanación outorgado, posuír a clasificación esixida para participar na licitación a data de finalización do prazo de presentación de ofertas”.

Segundo.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 17 de xullo de 2015, de "Excluir aos licitadores ANA NAYA GARCIA, S.L., MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. e OUTSOURCING SIGNO- SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE , S.L., por non acadar a puntuación mínima esixida para os criterios avaliados mediante xuízo de valor, que é de 15 puntos".

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332)" no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1.	COLEGIO LOS MILAGROS SL	98,75
2.	SERVICIOS EDUCATIVOS FAMILIARES GRUPO 5 SL	84,98
3.	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	79,51

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra a totalidade das actividades da escola por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Póliza do seguro de danos por sinistros do edificio, por un importe mínimo de 600.000 €.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 615,52 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(919).- MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO E DO SEU VESTÍBULO ANEXO POLO CAMBIO NA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS. EXPTE. 528/330.

Visto o informe xurídico do 3.08.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 29.07.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

Con data 25 de xaneiro de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación das bases para utilización do Auditorio Municipal e do vestíbulo anexo da Casa do Concello de Vigo pola entrada en vigor da Ordenanza de Tributos e Prezos Públicos 2013; nestas bases estipulábase que o servizo de Festas sería o encargado da xestión das solicitudes de uso do recinto, en base ao decreto de delegación de competencias en vigor nese momento.

O decreto de delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015 establece no seu apartado XV "ÁREA DE CULTURA", subapartado a) "en materia de Cultura", punto 17: "A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, provadas, xurídicas ou físicas"

Por este motivo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu, con data 22 de xullo, que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de modificación das bases para a utilización do Auditorio Municipal da Casa do Concello e do seu vestíbulo anexo, polo citado cambio na delegación de competencias.

As bases foron modificadas nos aspectos relativos ao servizo encargado da xestión das solicitudes, indicándose en todos os casos que lle corresponderá á Área de Cultura, e actualizáronse determinadas cuestións relativas ao seu funcionamento.

Á vista do exposto, previo informe xurídico, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA: "Que se aproben as bases, que se achegan no expediente, para a utilización do Auditorio Municipal da Casa do Concello e do seu vestíbulo anexo, modificando as aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 25 de xaneiro de 2013."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

PROPOSTA DE BASES PARA A UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO E DO SEU VESTÍBULO ANEXO

PRIMEIRA.- FINALIDADE

O Auditorio Municipal e o seu vestíbulo anexo son dependencias municipais adscritas á Área de Cultura que teñen como finalidade o desenvolvemento de actividades culturais, sociais e institucionais promovidas polo Concello de Vigo.

Nas datas que as instalacións estean dispoñibles tamén poderán ser utilizadas por outras entidades públicas ou persoas, xurídicas ou físicas, previa solicitude, autorización e pagamento das correspondentes taxas recollidas nas ordenanzas de prezos públicos vixentes.

SEGUNDA.- CAPACIDADE, DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

A capacidade do recinto é de 281 espectadores en butaca, e ata un máximo de catro prazas para persoas con discapacidade en cadeira de rodas. En ningún caso, se admite público de pé nos corredores e accesos á platea. As persoas en cadeiras de rodas acomodaranse no espazo habilitado a tal fin na platea. O plan de autoprotección da Casa do Concello verase comprometido se non se respecta a capacidade establecida, polo que a entidade organizadora do evento é responsable do seu cumprimento.

En xeral, as dependencias funcionarán de luns a xoves, de 8:00 a 14:00 h e de 16:00 a 22:00 h. Os venres, sábados, domingos e festivos, en horarios superiores ás 22:00 h, só poderán funcionar coa autorización expresa da Área de Cultura.

TERCEIRA.- SOLICITUDES DE ALUGUER OU CESIÓN TEMPORAL DE USO DAS DEPENDENCIAS

As solicitudes realizaranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, correo electrónico (ofi.areacultural@vigo.org) ou web do Concello de Vigo en impreso normalizado, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto do inicio da actividade que se pretende desenvolver. As solicitudes recibidas na Área de Cultura con menos antelación, respecto da data de utilización solicitada, poderán ser automaticamente desestimadas e arquivadas.

CUARTA.- DATOS DA SOLICITUDE

Na solicitude incluíranse os seguintes datos:

- Nome da persoa solicitante; no caso das entidades, nome do seu representante legal, ademais dos da propia entidade (nome, apelidos, cargo, enderezo completo, localidade, NIF, teléfono, correo electrónico). Sinatura do responsable da organización e da promoción da actividade.
- Datos da actividade (título ou denominación, autores, actores, conferenciantes, relatores, dirección técnica ou artística...).
- Entidades ou empresas que participan ou colaboran na actividade.
- Modalidade de acceso do público (entrada libre, invitación, pagamento de entrada...).
- Datas e horarios solicitados (inicio da montaxe, horario/s de apertura de portas, de despacho de billetes, de comezo, e de fin do desmante...)
- Datos do persoal responsable durante o desenvolvemento, montaxe e desmante do acto e número de teléfono móbil localizable en todo momento.
- Datos de contacto para información do público (teléfonos, páxina web, correo electrónico...).

A Área de Cultura, para resolver as solicitudes, poderá solicitar datos complementarios sobre a actividade ou as persoas responsables (solvenza técnica), establecendo, en cada caso, os prazos de resposta.

QUINTA.- CRITERIOS PARA AS AUTORIZACIÓNS DE ALUGUER OU DE CESIÓN TEMPORAL DE USO DAS INSTALACIÓNS.

- A Área de Cultura dispón de prioridade na programación do Auditorio.
- O resto dos servizos, organismos autónomos ou dependencias municipais poderán solicitar a utilización do Auditorio para calquera actividade, tendo prioridade as solicitudes relativas a actividades culturais.
- Aquelas solicitudes de actividades culturais que se consideren adecuadas para complementar a programación sociocultural do Concello de Vigo organizadas por entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas.
- Para as solicitudes que non sexan de carácter sociocultural, terase en conta a orde de entrada no Rexistro Xeral.
- Quedan excluídas as actividades que teñan como finalidade a venda directa, indirecta ou promoción de artigos de consumo; as de carácter político ou doutrinal de signo partidario ou confesional; as que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente, e as que fosen denegadas polos órganos de goberno do Concello de Vigo.

Só se autorizarán os ensaios ou preparativos dunha actividade cando a súa finalidade sexa a realización pública nestas dependencias, previo pagamento das correspondentes taxas recollidas nas ordenanzas de prezos públicos vixentes.

As solicitudes de reunións de colectivos (profesionais, sociais...) resolveranse por parte da/do concelleira/o delegada/o da Área de Cultura e serán secundarias respecto á programación de actividades públicas, polo que as autorizacións que procedan non se confirmarán con máis de 15 días naturais de antelación.

SEXTA.- DURACIÓN DO ALUGUER OU DA CESIÓN

O tempo de duración do aluguer do Auditorio Municipal quedará determinado na autorización escrita correspondente, previo pagamento das correspondentes taxas recollidas nas ordenanzas de prezos públicos vixentes.

Con respecto á cesión temporal de uso, o Concello de Vigo definirá o tempo de cesión, dende o momento da dispoñibilidade do local para comezar os preparativos ou montaxe das actividades ata o remate do desmante.

Non se resolverán solicitudes de actividades que supoñan compromisos de cesión de uso regular superior a unha semana, excepto no caso en que a actividade programada se derive dun convenio ou colaboración entre o organizador e maila Área de Cultura, e previa autorización escrita da mesma.

SÉTIMA.- ACCESO DO PÚBLICO ÁS ACTIVIDADES

As actividades que se realicen terán que ser públicas, en calquera das súas modalidades:

- a) Entrada libre ata completar a capacidade.
- b) Entrada con invitación ou inscrición previa gratuíta.
- c) Con pagamento de entrada ou matrícula (con ou sen inscrición previa).

Na modalidade de invitación, o organizador informará á Área de Cultura sobre os detalles da distribución ou de acceso do público; na modalidade de inscrición previa informarase sobre o lugar e os horarios de realización.

OITAVA.- ACCESO CON PAGAMENTO

Os organizadores das actividades están autorizados ao cobro de entrada, matrícula ou outros dereitos, ás persoas asistentes, de acordo coas seguintes condicións:

- a) Detallar na solicitude o prezo da entrada ou matrícula.
- b) Detallar á Área de Cultura, coa antelación necesaria, o lugar, horario e/ou sistema para a adquisición das entradas ou formalización da matrícula.
- c) Informar da difusión dos anteriores detalles e incluílos no material que se edite.

Nos actos programados polo Concello de Vigo con pagamento de entrada ou de matrícula os prezos regularanse polo establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais vixentes.

Os organizadores dos actos expoñerán os prezos das entradas no lugar establecido a tal fin, dende as 9:00 h do día de funcionamento do despacho de billetes; ademais facilitarán ás persoas usuarias un billete ou recibo do pagamento, de acordo coa normativa legal que lle resulte de aplicación.

NOVENA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES

1) Os organizadores asumirán integramente a produción de material gráfico para a difusión do evento a realizar.

2) Nos casos de cesión temporal de uso do espazo, o material de difusión que editen os organizadores das actividades indicarán, no lugar e tamaño adecuado, a participación da Área de Cultura, incluíndo o logotipo oficial do Concello de Vigo e as lendas que se acorden

entrambas partes. O material editado terá que contar coa conformidade previa á súa edición da citada Área, e disporá dos depósitos legais que lle poidan corresponder.

3) Se no financiamento ou organización da actividade interveñen outras entidades, a prelación e tamaños serán proporcionais á implicación de cada unha delas.

4) A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Área de Cultura acordará cal será a lingua empregada para a difusión noutros ámbitos. En todo caso, actuarase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo (BOE 17 de maio de 1989).

5) Os organizadores da actividade comprométense á utilización dunha linguaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

6) Os organizadores da actividade comprométense ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade, e non só no eido privado ou familiar.

7) A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolda de prensa, difusión de noticias, informacións...) deberá estar previamente acordada coa Área de Cultura.

8) Os organizadores das actividades entregarán na Área de Cultura o número de exemplares acordado de cada elemento que se edite; establécese, de forma xeral, un mínimo de 10 unidades para os folletos e carteis.

9) Os organizadores da actividade facilitarán á Área de Cultura toda a información da actividade a desenvolver nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web municipal, 010, web vigocultura...).

DÉCIMA.- PERSOAL TÉCNICO

En cumprimento das "Instrucións de Uso do Auditorio Municipal do Plan de Autoprotección da Casa do Concello de Vigo", o Concello de Vigo achegará o persoal mínimo necesario para a posta en funcionamento das dependencias, así como para a apertura de portas. A dotación será de tres persoas:

Un Xefe de Sala como responsable do Auditorio, con coñecemento das instalacións e do funcionamento do equipamento escénico, que terá que estar presente en todo momento no recinto, dende a o inicio da montaxe ata o peche das instalacións.

Dúas persoas auxiliares de sala: para tarefas de control de accesos, supervisión da sala principal e vestíbulo, control de equipamento técnico e escénico.

O antedito persoal (as tres persoas) realizará, dende unha hora antes do inicio da actividade, os seguintes traballos: control de accesos e control da sala durante o evento.

Os organizadores das actividades comunicaranlle á Área de Cultura os datos do persoal técnico que dependa deles para a produción das actividades, que seguirá en todo momento as instrucións do persoal designado pola citada área sobre a utilización das dependencias, e terá que cumprir o estipulado nas instrucións de uso do Auditorio Municipal recollidas no Plan de Autoprotección da Casa do Concello.

A contratación de persoal que exceda o mínimo indicado para a posta en funcionamento das dependencias e/ou o aluguer dos equipamentos técnicos ou escénicos que non formen parte do inventario do Auditorio, correrán por conta do organizador.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES

Os organizadores e as persoas das actividades autorizadas quedan obrigados a:

- 1) Devolver as dependencias e equipamentos nas mesmas condicións nas que lle foran entregados, polo que velarán polo seu coidado e uso adecuado. A tal fin asinarán unha folla de compromiso de uso adecuado das instalacións. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato tras a celebración do evento por conta do organizador.
- 2) Prestar a necesaria información e atención ao público.
- 3) Iniciar as actividades, puntualmente, á hora anunciada ao público.
- 4) Asumir todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, gastos derivados do incorrecto uso das dependencias...).
- 5) Comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, realizando as correccións necesarias.
- 6) Colaborar para que en ningún caso se exceda a capacidade das dependencias recollida na base segunda.
- 7) Obter todos os permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades e efectuar os pagamentos derivados da realización das actividades.
- 8) Facilitar á Área de Cultura os datos sobre a difusión realizada polo organizador, cunha antelación mínima de 10 días naturais .
- 9) Expoñer os prezos ao público, cando haxa pagamento de entradas ou de matrícula.
- 10) Facilitar á Área de Cultura os datos do desenvolvemento da actividade.
- 11) No caso de cesión temporal de uso das instalacións, todas as actividades que se realicen terán que ser de carácter público en calquera das súas modalidades: a) Entrada libre ata completar a capacidade; b) Entrada con invitación ou inscrición previa gratuíta; c) Con pagamento de entrada ou matrícula (con ou sen incrición previa).
- 12) Comunicar á Área de Cultura os posibles cambios na programación prevista ou as incidencias que se produzan no desenvolvemento das actividades, no momento no que se produzan ou no primeiro día hábil. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión do espazo poderá dar lugar á modificación ou cancelación da resolución da concesión.
- 13) Asumir toda a responsabilidade da actividade organizada (contratos laborais ou doutra índole, calidade artística e técnica, obrigas tributarias e de seguridade social, responsabilidade civil, dereitos sobre propiedade intelectual, solicitar os permisos correspondentes, cargas e descargas, instalación de elementos de publicidade e sinalización...)
- 14) Previo ao inicio da actividade, está obrigado á reprodución de forma íntegra da mensaxe de seguridade gravada a tal fin e que lle facilitará o xefe de sala. Esta prohibida a colocación de elementos que poidan obstaculizar as saídas de emerxencia.
- 15) Dar cumprimento a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais e ao Plan de autoprotección da Casa do Concello para o uso do auditorio municipal.
- 16) No caso de que accedan ao centro grupos de menores de idade ou grupos de persoas con minusvalía psíquica que impida o entendemento das ordes de evacuación, deberán ser acompañados por unha persoa no ratio establecido na normativa vixente.
- 17) No caso de que accedan ao centro grupos de persoas que teñan comprometida de forma provisional ou definitiva a súa mobilidade, deberán estar acompañados dunha persoa que colabore na súa evacuación, no caso de ser necesario.
- 18) Entregar na Área de Cultura a autorización da SGAE para a venda de entradas. Non se permitirá a utilización do despacho de billetes do Auditorio sen a antedita autorización.
- 19) Os organizadores ou responsables da actividade comprométense ao pagamento dos dereitos de autor que correspondan.

- 20) Os organizadores das actividades entregarán na Área de Cultura, se así se lle require e no caso de que a entrada se estableza mediante venda ou invitación, un mínimo de 10 entradas/invitacións para os seus compromisos protocolarios.
- 21) Os organizadores colaborarán para que as persoas que accedan ao auditorio o fagan cunha indumentaria adecuada. Non está permitido o acceso ao recinto en bañador ou co torso descuberto.
- 22) Os organizadores dos actos expoñerán no despacho de billetes as tarifas vixentes para cada modalidade de entrada, como mínimo a partires das 09:00 h do día de execución do evento.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA O PÚBLICO

Os organizadores das actividades velarán para que o público respecte as seguintes normas básicas:

- 1) Prohíbese fumar en todas as instalacións do Auditorio Municipal, incluído o vestíbulo.
- 2) Prohíbese realizar rexistros audiovisuais (fotografías, vídeo...), sen o permiso dos organizadores da actividade.
- 3) Non está permitido comer ou beber nas dependencias.
- 4) Non está permitido o acceso de animais, a excepción de cans-guía.
- 5) Non está permitido facer ruído ou desenvolver condutas que impidan o goce das actividades polo resto das persoas usuarias, que alteren o desenvolvemento da actividade ou que poñan en perigo a seguridade ou integridade das instalacións, mobiliario, obras ou persoas.
- 6) Non está permitido o acceso do público unha vez que teña comezado o espectáculo ou actividade, salvo que se produzan pausas ou intermedios que o permitan, polo que prérgase ao público a máxima puntualidade.
- 7) Non está permitido a utilización de teléfonos móbiles ou calquera outro aparello electrónico durante a celebración do espectáculo ou actividade.
- 8) No caso de evacuación, non está permitido retornar para recoller obxectos persoais.
- 9) Non esta permitido o acceso á platea dos carros de bebés. O organizador disporá dun servizo de consigna, suxeito a dispoñibilidade, de pagamento e con horarios restrinxidos, onde o público poderá depositar os obxectos persoais que desexen.
- 10) A saída do recinto implica a perda do dereito de entrar novamente.
- 11) O organizador resérvase o dereito de admisión condicionado á obriga de respectar as presentes bases de uso do Auditorio, así como calquera condición esixible por motivos de seguridade xeral.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES

Os organizadores das actividades terán que asumir toda a responsabilidade do seu desenvolvemento, montaxe e desmonte, diante do Concello de Vigo e de terceiros, así como a custodia e vixilancia do seu material e equipamento depositado nas instalacións.

As perdas, deterioro ou mal uso dos materiais ou instalacións cedidos serán restituídos polos organizadores no prazo determinado polo Concello. Se o Concello de Vigo acordase asumir directamente as reposicións ou reparacións, reclamará aos organizadores o pagamento dos gastos xerados.

Mentres os organizadores non realicen as reposicións, reparacións ou pagamentos que procedan, o Concello de Vigo denegará futuras solicitudes de utilización das instalacións.

DÉCIMO CUARTA.- CANCELACIÓN DAS ACTIVIDADES

Cando o Concello de Vigo precise desenvolver actividades nas dependencias citadas, en datas que estean autorizadas e comunicadas a outro organizador, podería revogar a autorización procurando, de ser posible, facilitar outra data ou lugar alternativo.

Neste caso, cando se produza unha cancelación dunha actividade, o Concello de Vigo colaborará cos organizadores na difusión da información e, se fose o caso, aboará os gastos realizados polo organizador da actividade cancelada, quen os xustificará documentalmente no prazo que se determine para cada caso, dende a notificación da cancelación.

DÉCIMO QUINTA.- COÑECEMENTO DAS BASES

A mera solicitude de utilización do Auditorio Municipal e/ou o seu vestíbulo para unha actividade presupón que as persoas solicitantes e organizadores coñecen e aceptan as presentes bases.

DÉCIMO SEXTA.- XESTIÓN

A xestión das autorizacións do Auditorio Municipal realizarase pola Área de Cultura, de acordo coas presentes bases, sen prexuízo das funcións ou competencias que lles correspondan a outras unidades do Concello (Conserxería, Policía Local...).

As unidades e servizos municipais, para o desenvolvemento da súa actividade, axustaranse a estas bases e remitirán á Área de Cultura a información recollida na base cuarta, adaptada a cada caso.

As convocatorias de actos dos órganos de goberno do Concello de Vigo comunicaranse á Área de Cultura para os efectos de que se coñeza a incidencia nas actividades programadas.

O uso doutras dependencias municipais ou espazos próximos (interiores ou exteriores), que precisen os organizadores das actividades para complementalas, non está axustado a estas bases, polo que serán solicitadas independentemente polas persoas ou entidades interesadas e requirirán unha resolución de autorización da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo ou órgano competente, tralos informes necesarios, de ser o caso.

DÉCIMO SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E INCIDENCIAS DAS BASES

A/o concelleira/o-delegada/o da Área de Cultura queda facultada/o para interpretar e desenvolver as presentes bases, así como para resolver as posibles incidencias que se poidan presentar.

SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL E/OU O SEU VESTÍBULO POR ALUGUER OU CESIÓN TEMPORAL DE USO

INFORMACIÓN DO SOLICITANTE			
Denominación da entidade/persoa solicitante:			
CIF/NIF:	Enderezo:		
Localidade:	Teléfono:	Tlf. Móbil:	Corro-e:
Nome da persoa representante ou responsable da actividade:			Cargo:
NIF:	Teléfono:	Tlf. Móbil:	Corro-e:

SOLICITA: autorización para a utilización do Auditorio Municipal da Casa do Concello para desenvolver a/as actividade/s nos días e horas que se citan a continuación, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno do día ??????????

INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE		
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:		
RESUMO DA ACTIVIDADE:		
DATA/S SOLICITADA/S:		
HORARIO/S:		
Inicio montaxe: actividade:	Apertura portas:	Inicio
Finalización actividade:	Remate desmonte:	
MODALIDADE DE ACCESO DO PÚBLICO (marcar a opción elixida):		
<input type="checkbox"/> Entrada libre ata completar a capacidade.		
<input type="checkbox"/> Entrada con invitación ou inscrición previa.		
<input type="checkbox"/> Con pagamento de entrada ou matrícula (indicar prezos, lugar e horario de venda):		

NECESIDADES:
NECESIDADES TÉCNICAS (mesas, cadeiras, megafonía, proxector e pantalla de cine...):
NECESIDADE DE ACCESO DE VEHÍCULOS Á PRAZA DO REI (modelo/s e matrícula/s, horario/s...)

Vigo,, de de 20....
SINATURA

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

DECLARACIÓN

D/Dña.....con NIF.....en
representación da entidade..... declara que,

- 1) Coñecen e aceptan as bases de utilización do Auditorio Municipal (Xunta de Goberno de data ?????) e comprométese ao seu cumprimento.

- 2) *Comprométense a devolver as dependencias e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións nas que lle foran entregados, polo que velarán polo seu coidado e uso adecuado. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato tras a celebración do evento por conta da entidade (cláusula décimo primeira 1).*

Sinatura:

Data:

6(920).- ASISTENCIA DE MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA INTERNACIONAL DE TEATRO E DANZA DE HUESCA 2015, EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 15044/331.

Visto o informe xurídico de data 21.07.15 e o informe de fiscalización do 21.07.15, dáse conta do informe-proposta de data 2.07.15, asinado polo xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, o concelleiro de Xestión municipal e Persoal e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Cultura e Bibliotecas se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Feira Internacional de Teatro e Danza de Huesca 2015, que terá lugar en Huesca entre os días 28 de setembro e 1 de outubro de 2015.

A citada funcionaria, xefa da oficina administrativa de programación cultural, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano o servizo de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Huesca, entre os días 28 de setembro e 1 de outubro de 2015. Ao comezar a feira o luns día 28 de setembro pola mañá e finalizar o xoves 1 de outubro pola noite, autorízanse a saída o día anterior, domingo 27 de setembro e o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o venres 2 de outubro.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 169,26 € en concepto de 6 dietas de manutención.*
- 244,60 € en concepto de 5 dietas de aloxamento.*
- 800,00 € en concepto de gastos de transporte (en caso de utilizar vehículo particular: gasolina, posibles peaxes, parking, etc. En caso de utilizar transporte público: tren, autobús, avión, taxi...).*

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos C1, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. *Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia á Feira Internacional de Teatro e Danza de Huesca 2015, que terá lugar en Huesca entre os días 28 de setembro e 1 de outubro de 2015, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.*
2. *Autorizar a saída o día 27 de setembro e o regreso o día 2 de outubro.*
3. *Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Huesca.*
4. *Autorizar os seguintes gastos: 413,86 € en concepto de 6 dietas de manutención e 5 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 800 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".*
5. *Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380K, a través da conta de habilitación ES45 2080 5000 6931 1030 2692.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(921).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2014-2015. EXPTE. 13909/333.

Visto o informe de fiscalización do 3.08.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.07.15, conformado polo concelleiro de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

ANTECEDENTES:

A Xunta Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 17 de xullo de 2015, adoptou entre outros asuntos o seguinte asunto:

"Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2014/2015 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 430.500,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2015."

No en tanto, revisado o expediente, detectase un erro na transcripción do redondeo aritmético no importe concreto de algunhas das subvención, polo cal procede a necesidade de corrixir ditos erros para axustar a diferenza detectada de 0,16 € no total das mesmas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

En consecuencia, procede substituír as seguintes cantidades da proposta de concesión de subvencións, pola cantidade correcta de acordo co seguinte cadro:

Entidade	CIF	Importe aprobado	Importe corrixido
CLUB ATLETISMO VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	317,01 €	317,00 €
CLUB BILLAR VIGO	G.27763549	317,01 €	317,00 €
CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	951,01 €	950,00 €
CLUB SALADINO CORTIZO	G36836716	317,01 €	317,00 €
CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G-36630192	317,01 €	317,00 €
CLUB MOTO-BOX	G-36973105	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA SABAJANES	G-36646271	317,01 €	317,00 €
CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	317,01 €	317,00 €
CLUB DE PETANCA E CHAVE OS MUIÑOS	G-36727246	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA CELTA	G-36875417	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA O CASTRO	G-36957348	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	317,01 €	317,00 €

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

–“Rectificar as cantidades correspondentes ao importe da concesión de subvención sobre a resolución da convocatoria de subvención a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2014/2015 segundo o seguinte cadro:

Entidade	CIF	Importe aprobado	Importe corrixido
CLUB ATLETISMO VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	317,01 €	317,00 €
CLUB BILLAR VIGO	G.27763549	317,01 €	317,00 €
CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	951,01 €	950,00 €
CLUB SALADINO CORTIZO	G36836716	317,01 €	317,00 €
CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G-36630192	317,01 €	317,00 €
CLUB MOTO-BOX	G-36973105	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA SABAJANES	G-36646271	317,01 €	317,00 €
CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	317,01 €	317,00 €
CLUB DE PETANCA E CHAVE OS MUIÑOS	G-36727246	317,01 €	317,00 €

Entidade	CIF	Importe aprobado	Importe corrixido
CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA CELTA	G-36875417	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA O CASTRO	G-36957348	317,01 €	317,00 €
CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	317,01 €	317,00 €

Correspondéndose a distribución definitiva coa corrección anterior, detallada na súa totalidade no Anexo I, cun total de 163 entidades, empezando pola Agrupación Viguesa de Atletismo e finalizando polo Club Sieiro Acrobacia Vigo, sumando un importe total de 430.500,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2014-2015.

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
1	ATLETISMO	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G-36645109	10,5	2.500,00 €
2	ATLETISMO	CLUB ATLETISMO VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	1	317,00 €
3	ATLETISMO	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G-36645018	11,5	3.645,55 €
4	AUTOMOVILISMO	CANDORNA COMPETICION	G-36975761	0,5	158,50 €
5	BADMINTON	CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G-27709500	12,5	3.962,56 €
6	BALONCESTO	BASQUET RIAS BAIXAS	G-27777127	4,5	1.000,00 €
7	BALONCESTO/F. SALA	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G-36756831	12,5	2.500,00 €
8	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO ANDERSEN	G-36960375	2,5	263,00 €
9	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G-36815413	1	300,00 €
10	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	58	18.386,27 €
11	BALONCESTO	CLUB DEPORTIVO VGO BASKET	G.27804889	3,5	1.109,52 €
12	BALONCESTO	CLUB NOVOBASKET VIGO	G-27791474	9,5	3.011,54 €
13	BALONMAN	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL	G-36686376	21	6.657,10 €
14	BALONMAN	UNION BALONMAN LAVADORES	G-36810075	42	13.314,20 €
15	BALONMÁN	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL COIA	G-36948115	66	20.922,31 €
16	BEISBOL	TRASNOS BEISBOL CLUB	G-27750645	6,5	2.060,53 €
17	BILLAR	CLUB BILLAR VIGO	G.27763549	1	317,00 €
18	BOLOS	CLUB BOLOS VALLADARES S BARTOLOME	G-27738962	1,5	475,51 €
19	BOLOS	CLUB DE BOLOS CELTAS VALLADARES	G36881316	1,5	475,51 €
20	BOWLING	CLUB BOWLING CELTA	G-36685345	3,5	1.109,52 €
21	BOWLING	XISTRON BOWLING CLUB	G-36694149	0,5	158,50 €
22	BOXEO	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G-36662344	8,5	2.694,54 €
23	CICLISMO	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G-36814515	2,5	792,51 €
24	CICLISMO	CLUB CICLISTA CORUXO	G-27710730	5,5	1.743,53 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
25	CICLISMO	CLUB CICLISTA MEIXOEIRO	G-36720951	6,5	2.060,53 €
26	CICLISMO	CLUB CICLISTA RIA DE VIGO	G-36745107	6,5	2.060,53 €
27	CICLISMO	CLUB CICLISTA TEIS	G-36954323	9,5	3.011,54 €
28	CICLISMO	CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	57	18.069,27 €
29	CICLISMO	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G-36703213	2	634,01 €
30	DEPORTE ADAPTADO	AG. DEP. TAMIAR APAMP	G-36657450	2,5	792,51 €
31	DEPORTE ADAPTADO	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G-27727965	2	634,01 €
32	DEPORTE ADAPTADO	AGRUP SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G-27776459	2	634,01 €
33	DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO DE VELA ESCOTA	G-36807022	2	634,01 €
34	DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G-36814093	4	1.268,02 €
35	DEPORTE ADAPTADO	CLUB MINAUTA	G-36834240	2	634,01 €
36	DEPORTE ADAPTADO	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	3	951,00 €
37	DEPORTE ADAPTADO	CLUB SALADINO CORTIZO	G36836716	1	317,00 €
38	ESGRIMA	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G-36869873	11	3.487,05 €
39	ESPEOLOGÍA	CLUB ARADELAS ESPEOLOGIA	G-36642247	2,5	792,51 €
40	FUTBOL	ARENAS DE ALCABRE SCD	G-36823912	17,5	4.652,85 €
41	FUTBOL	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G-36770931	14	3.600,00 €
42	FUTBOL	BALAIOS FC	G-36737724	19	4.965,95 €
43	FUTBOL	C.D. SAMPAYO	G-36654564	1,5	475,51 €
44	FUTBOL	CLU DE FUTBOL SAN ESTEBAN	G-36733020	1,5	475,51 €
45	FUTBOL	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G-36743433	12,5	3.962,56 €
46	FUTBOL	CLUB DEPORTIVO NIETO	G-36687309	13	4.000,00 €
47	FUTBOL	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G-36649283	29	9.193,14 €
48	FUTBOL	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	14	4.438,07 €
49	FUTBOL	MOLEDO CLUB FUTBOL	G-36734226	3,5	1.109,52 €
50	FUTBOL	RACING DE CASTRELOS FC	G-36710762	12,5	3.962,56 €
51	FUTBOL	RAPIDO DE PEREIRO FC	G-36874832	12,5	3.962,56 €
52	FUTBOL	S.C.D. ATLANTIDA DE MATAMA	G-36620854	9	2.853,04 €
53	FUTBOL	U.D.COMESAÑA	G-36745586	4,5	1.426,52 €
54	FUTBOL	UVCD CANDEAN	G-36863348	12	3.804,06 €
55	FÚTBOL	C.D. TEIS	G-36752640	14	3.600,00 €
56	FÚTBOL	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	16	5.072,08 €
57	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G-36645612	10	3.170,05 €
58	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G-36690519	10	3.170,05 €
59	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO COYA	G-36753911	13	4.121,06 €
60	FÚTBOL	CLUB RÁPIDO DE BOUZAS	G-36711513	66	20.922,31 €
61	FÚTBOL	COLEGIO APÓSTOL SANTIAGO	G-36646446	5	1.585,02 €
62	FÚTBOL	GRAN PEÑA, C.F.	G-36663656	18	5.706,08 €
63	FÚTBOL	INDEPENDIENTE, C.F.	G-36710416	16	5.072,08 €
64	FÚTBOL	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G-36684124	16	5.072,08 €
65	FÚTBOL	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G-36628774	19	6.023,09 €
66	FUTBOL	VETERANOS DE TEIS C.F.	G-36916401	1,5	475,51 €
67	FUTBOL	C.CULTURAL A.R.VALLADARES	G36617082	8	2.536,04 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
68	FUTBOL	C.D. VALLADARES	G-36629657	1,5	475,51 €
69	FUTBOL SALA	ANPABAL FUTBOL CLUB	G-27758168	4,5	1.000,00 €
70	FUTBOL SALA	CENTRO CULTURAL RECREATIVO CABRAL	G-36658680	3,5	1.109,52 €
71	FUTBOL SALA	CENTRO VECIÑAL E CULT VALLADARES	G36805158	5,5	1.743,53 €
72	FUTBOL SALA	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	3,5	1.109,52 €
73	FUTBOL SALA	CLUB UNION FS	G-27758598	4,5	1.426,52 €
74	FUTBOL SALA	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	16,5	5.230,58 €
75	FUTBOL SALA	IES CORUXO FS	G-27726835	8	2.536,04 €
76	FUTBOL SALA	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G-36645075	3,5	1.109,52 €
77	FÚTBOL SALA	C.D. AVCR SAN MAMEDE ZAMÁNS	G-36691855	1,5	475,51 €
78	FÚTBOL SALA	C.D. MOSTEIRO BEMBRIVE, F.S.	G-36886422	19	6.023,09 €
79	FÚTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G-36924249	2,5	792,51 €
80	FÚTBOL SALA	CLUB MARISTAS EL PILAR	G-36690782	5,5	1.000,00 €
81	FÚTBOL SALA	PECHECHES FÚTBOL SALA	G-27778521	5,5	1.743,53 €
82	GOLF	REAL AERoclUB DE VIGO	G-36610384	4,5	1.426,52 €
83	HALTEROFILIA	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G-36757623	2,5	792,51 €
84	HIPICA	CD. ESTABLOS VIGO	G-36982296	2	634,01 €
85	HOCKEY HERBA	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G-36684850	11	3.487,05 €
86	HOCKEY PATÍNS	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G-36680239	17	5.389,08 €
87	JUDO	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G-36681633	39	12.363,18 €
88	JUDO	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G-27709120	1,5	475,51 €
89	JUDO	JUDO CLUB GALICIA SUR	G-27781541	5,5	1.743,53 €
90	KARATE	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G-36870160	22	6.974,10 €
91	KUNG FU	AVCD CABRAL	G-36651073	1,5	475,51 €
92	KUNG FU	S.D. CLUB MARCOTE	G-36658052	2	634,01 €
93	LOITA	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G-36955565	4,5	1.426,52 €
94	LOITA	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G-36707586	3,5	1.109,52 €
95	LOITA	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	7,5	2.377,54 €
96	LOITA	KUZUSHI	G-36696227	3,5	1.109,52 €
97	MONTAÑISMO	CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	G-36637890	3,5	1.109,52 €
98	MONTAÑISMO	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G-36743540	2,5	792,51 €
99	MONTAÑISMO	CLUB P. TREVINCA MONTAÑEIRO GALICIA	G-36630192	1	317,00 €
100	MOTOCICLISMO	CLUB MOTO-BOX	G-36973105	1	317,00 €
101	MOUNTAIN BIKE	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G-36850378	23	7.291,11 €
102	NATAcion	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G-36827079	21	6.657,10 €
103	NATAcion	CLUB NATAcion TRAVIESAS	G- 36823524	3	951,01 €
104	NATAC. SINCRONIZADA	CLUB NAT. SINCRON RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812	9,5	3.011,54 €
105	PADEL	PADEL FEMENINO CIES	V-27713759	2,5	792,51 €
106	PATINAXE	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G-36645091	18,5	5.864,59 €
107	PATINAXE	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G-36811974	9,5	3.011,54 €
108	PATINAXE	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G-27722305	2,5	792,51 €
109	PATINAXE	CLUB PATIN VAGALUME	V-36982304	9,5	3.011,54 €
110	PATINAXE	CLUB PATINAXE ARTISTICA VALLADARES	G-36765733	10,5	3.328,55 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
111	PETANCA	ASOCIACION CULTURAL DEP. XESTAS	G-36628543	2	634,01 €
112	PETANCA	CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	1	317,00 €
113	PETANCA	CLUB PETANCA SABAJANES	G-36646271	1	317,00 €
114	PETANCA	CLUB CHAVE E PETANCA VALLADARES	G-36796316	1	200,00 €
115	PETANCA	CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	1	317,00 €
116	PETANCA	CLUB DE PETANCA E CHAVE OS MUIÑOS	G-36727246	1	317,00 €
117	PETANCA	CLUB PETANCA A TOXEIRA	G-36849041	2	634,01 €
118	PETANCA	CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	1	317,00 €
119	PETANCA	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	1	317,00 €
120	PETANCA	CLUB PETANCA CELTA	G-36875417	1	317,00 €
121	PETANCA	CLUB PETANCA ENSINO	G-36798866	6,5	2.060,53 €
122	PETANCA	CLUB PETANCA FLORIDA	G-36792711	2	634,01 €
123	PETANCA	CLUB PETANCA GALICIA	G-36881639	2	634,01 €
124	PETANCA	CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	1	317,00 €
125	PETANCA	CLUB PETANCA O CASTRO	G-36957348	1	317,00 €
126	PETANCA	CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	1	317,00 €
127	PETANCA	CLUB PETANCA TEIS	G-36288413	3	500,00 €
128	PETANCA	CLUB PETANCA VIGO	G-36702413	2	634,01 €
129	PIRAGÜISMO	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	12,5	3.962,56 €
130	REMO	CLUB DE REMO CORUXO	G-36726750	32	10.144,15 €
131	REMO	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G-36650273	2,5	792,51 €
132	SQUASH	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G-27736438	3,5	1.109,52 €
133	SQUASH	VIGO SQUASH	G-36929511	16	4.500,00 €
134	SURF	PRADO SURF CLUB	G-36850014	5	1.585,02 €
135	TAEKWONDO	A.D. KIAP	G-36788594	6,5	2.060,53 €
136	TAEKWONDO	AS SPORT VIGO	G27749837	2,5	792,51 €
137	TENIS	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G-36613685	12	3.804,06 €
138	TENIS DE MESA	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G-27762483	4	1.268,02 €
139	TENIS DE MESA	CLUB TENIS DE MESA VIGO	G-27779016	3	951,01 €
140	TIRO CON ARCO	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	3,5	1.109,52 €
141	TRIATLON	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G-27730597	7	2.500,00 €
142	TRIATLON	TRINORTH	G.27796721	1,5	475,51 €
143	VARIOS	A.D. MONTECASTELO	G-36747574	5	1.585,02 €
144	VARIOS	AG. DEP. VIGO	G-36651123	5,5	1.743,53 €
145	VARIOS	ANPA COUTADA BEADE	G-36616837	2	634,01 €
146	VARIOS	ASOCIACION DEPORTIVA LOPE DE VEGA	G-36886992	2	634,01 €
147	VARIOS	C.C. POLICIA LOCAL VIGO	G-36912459	5,5	1.743,53 €
148	VARIOS	C.D. COLEGIO MARIANO	G-36649408	7	1.500,00 €
149	VARIOS	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G-36614097	2	634,01 €
150	VARIOS	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G-36875391	17	3.500,00 €
151	VARIOS	CLUB DEPORTIVO CSCR DE BEADE	G-36904530	4,5	1.426,52 €
152	VARIOS	CLUB DEPORTIVO MIRALBA	G-27721547	10	2.916,00 €
153	VARIOS	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G-36886901	3,5	1.109,52 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
154	VELA	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	6,5	2.060,53 €
155	VELA	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	G-36613081	1,5	475,51 €
156	VOLEI PRAIA	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G-36990109	7	2.219,03 €
157	VOLEIBOL	BLACK VOLEY VIGO	G-27747864	1,5	475,51 €
158	WU SHU	FIT SPORT	G-36988947	2,5	792,51 €
159	XADREZ	C.A.DR. J CASAS VILLA DE BOUZAS	G- 36918613	2,5	500,00 €
160	XADREZ	XADREZ LUCENA	G-36893154	3,5	1.109,52 €
161	XIMNASIA	MANIOTAS	G-36684819	19	6.023,09 €
162	XIMNASIA ACROBATICA	CLUB FLIC FLAC	G-36931582	18	5.706,08 €
163	XIM TRAMP. ARTISTICA	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	9	2.853,04 €
					430.500,00

8(922).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15696/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/07/15, dáse conta do informe-proposta do 08/07/15, do xefe do servizo de Enerxía, conformado polo asesor xurídico de área, polo concelleiro de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“Con data 6 de maio 2015, o concelleiro-delegado da Área de Fomento, resolveu que se iniciase o expediente para a contratación do subministro de enerxía eléctrica para as distintas dependencias e instalacións elecromecánicas do Concello de Vigo. Con data 23 de xuño 2015, o xefe do servizo de Enerxía elaborou o prego de prescricións técnicas particulares, co anexo da relación de subministros, e a memoria co estudo económico do expediente, e con data 25 de xuño de 2015 o Servizo de Contratación elaborou e o prego de condicións administrativas particulares (PCAP) e as correspondentes FEC de dito prego.

Atendendo ao informe da Asesoría Xurídica de data 7.07.2015 e para corrixir os aspectos que nel se indican, con data 8.07.2015, o Servizo de Enerxía corrixo o PPT na súa cláusula 5 respecto da presentación e tramitación da facturación e o Servizo de Contratación corrixo o PCAP nas cláusulas 15 e 38 do PCAP nos erros de remisión, o apartado 6.D das FEC sobre comunicación de inicio de actividade ao organismo competente da CCAA por parte da comercializadora e o apartado 17.A das FEC sobre a subcontratación.

O expediente tramítase como un contrato de subministro, en base ao artigo 9 do TRLCSP, e por contía está sometido a regulación armonizada (artigo 15) do TRLCSP.

No prego de condicións administrativas particulares destácanse os seguintes aspectos :

1º.- A adxudicación do expediente tramitarase polo procedemento aberto e tramitación ordinaria ao amparo do previsto no artigo 122 do TRLCSP.

2º.- O expediente tramítase como anticipado de gastos de acordo co previsto na base 29 do presuposto municipal

- 3º- En canto aos criterios de adxudicación, contéplase soamente o prezo, e a valoración máxima establécese en 100 puntos.
- 4º.- A duración do contrato será de **1 ano** e poderá prorrogarse por acordo expreso do Organo de Contratación por outro período de igual duración.
- 5º.- Contéplanse as diversas tarifas e subministrados que se demandan e os prezos máximos para cada unha delas, que poderán ser ofertados á baixa polos licitadores. Estes prezos incluírán todos os gastos necesarios para o subministro, excluídos os impostos sobre a electricidade e o IVE.
- 6º.- En canto ao prezo total máximo do contrato fíxase en 4.200.008,95 €/ano, o que supón un prezo anual sen IVE de 3.471.081,78 €/ano e un IVE a soportar de 728.927,17 €/ano.

O crédito para este contrato contemplárase nas partidas 1710.221.00.00, 3210.221.00.00, 3410.221.00.00, 9220.221.00.00 , 1650.221.00.00 do presuposto municipal e 3420.221.00.00 do IMD, do vindeiro exercizo 2016.

O expediente conta co informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 7.07.2015 e previamente a somete-lo á aprobación da Xunta de Goberno Local necesita o informe da Intervención Xeral, en canto á fiscalización do gasto.

Unha vez aprobados os pregos abrírase o procedemento licitatorio coa inserción dos correspondentes anuncios no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), BOE, DOG e BOP cos requisitos establecidos no TRLCSP e na Lei de Administración Local de Galicia.

En consecuencia PROPONSE á Xunta de Goberno Local, competente segundo a lexislación vixente á adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para a Contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, para as distintas dependencias e instalacións electromecánicas do Concello de Vigo, elaborado polo Servizo de Enerxía con data 23.06.2015 corrixido con data 8.07.2015.
- 2.- Aprobar o Prego de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) para a Contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, para as distintas dependencias e instalacións electromecánicas do Concello de Vigo, elaborado polo Servizo de Contratación con data 25.06.2015 e corrixido con data 8.07.2015.
- 3.- Autorizar o gasto de 4.200.008,95 € con cargo a os orzamentos do exercizo 2016 para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para os distintos edificios e instalacións do Concello con cargo as partidas e imputación presupostaria que se indican na seguinte taboa:

Aplicación presupostaria	Total ano 2016
1710.221.00.00 (Parq. - Xardíns)	69.050,94 €
3230.221.00.00 (Educación)	549.899,34 €
3410.221.00.00 (Deportes)	250.289,64 €
9200.221.00.00(Dependencias)	852.656,76 €
1650.221.00.00 (alumeado público)	2.055.191,71 €
3420.221.00.00 (IMD)	422.920,56 €
TOTAL	4.200.008,95 €

Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(923).- PRODUTIVIDADE DE DIVERSOS FUNCIONARIOS POR ENCOMENDAS DE FUNCIÓNS- 2º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 26862/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 24.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares:

12) No segundo trimestre de 2015, atopábanse vixentes as seguintes:

1. Encomenda de Funcións ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627

En resolución de data 12 de maio de 2008 do Concelleiro de Xestión Municipal encomendase temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con posto de Administrativo de Admon XE-ral, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, debe entenderse no senso de realización das tarefas de dirección do Verbum, tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, según escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerandose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

Na Resolución de data 12/05/2008, deu conta a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 19/5/2008, recoñecese o dereito do funcionario a percepción dun complemento de produtividade que se determine conforme as vixentes Instrucións de Plantilla, previa proposta do Servizo

2. Encomenda de funcións D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389

En data 1 de setembro de 2011, por Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, resólvese encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:

- *Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA "Xerencia Municipal de Urbanismo", sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde esta-*

tutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.

- As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.
- As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,

con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos.

A encomenda realizada ten carácter provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

Así mesmo, no seu punto segundo recollese o dereito do funcionario a percepción dun complemento de produtividade que se determine conforme as vixentes Instruccións de Plantilla, previa proposta do Servizo no que se acredite e avalie favorablemente a efectividade e satisfacción das funcións desenvolvidas.

3. Encomenda de funcións D Jesús López Moure, Nº de persoal 77210.

Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, "as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área", ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que "as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfacción das funcións desenvolvidas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda"

Dita encomenda terá validez ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

4. Encomenda provisional de funcións a D. Albino Rodríguez Ferreira, con nº persoal 77.274

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, ao estar vacante o posto e ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, no punto Terceiro da devandita Resolución recollese que, en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño do cargo, o funcionario percibirá durante o período no que desempeñe as funcións de Presidente do T.E.A. , en concepto de produtividade e excluído do previsto nas Instruccións de plantilla, a diferenza que poida existir entre o complemento de destino e específico do posto do que é titular e o cargo para o que se lle nomea provisionalmente.

Así mesmo, o nomeamento, de carácter temporal, terá efectos unicamente durante o tempo necesario para a cobertura do posto segundo a modificación prevista no regulamento orgánico, circunstancia aínda sen resolver.

5. Produtividade D. Avelino San Luis Costas, con nº persoal 9.900.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou establecer para o funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

Dito complemento devengarase trimestralmente , previo informe acreditativo da especial adicación do funcionario no período correspondente.

6. Encomenda de funcións a D Francisco J Gutierrez Orue, con nº de persoal 13920

Por Resolución de data 12/002/2015, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolución e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

–Pola Intervención xeral expídese documento contable nº 11359 por importe de 7680.20 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 “Productividade” do vixente orzamento prorrogado do ano 2015.

7.- Encomenda de funcións a Dª Rosa M Otero Malvarez, con nº de persoal 80568

Por Resolución de data 12/02/2015, encomendase provisional e transitoriamente a funcionaria Dona Rosa M Otero Malvarez, co nº de persoal 80568 e, posto de Administrativa, a realización das funcións propias do posto de vacante no servizo de Atención e Participación Cidadá de Técnico de Xestión (coigo 321.02), con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.

Dispoñese que a encomenda, que ten carácter provisional, supoñen a cesación automática da mesma no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos dos posto vacante de técnico de xestión no Servizo de Participación e Atención Cidadá e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

8.- Encomenda de funcións a Dª Sara Castro Cerqueira con nº de persoal 80481

Por Resolución de data 12/02/2015, encomendase provisional e transitoriamente a funcionaria Dona Sara Castro Cerqueira, co nº de persoal 80481 e posto de Auxiliar de Admón XEral, a realización das funcións propias do posto de Administrativo (código 320.02), vacante no Servizo de Atención e Participación Cidadá por baixa por maternidade da súa titular con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.

Dispoñese que a encomenda anterior, de carácter provisional, causará cesación automática no momento no cal se produza a incorporación da súa baixa por maternidade da titular do posto Cod RPT 320.02, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2015, devengando os dereitos retri-

butivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

–Pola Intervencion xeral expidese documento contable nº 10831 por importe de 9.317,67 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 “Productividade” do orzamento prorrogado vixente, ao obxecto de dar cobertra orzamentaria as encomendas de D^a Sara Castro Cerqueira e D^a Rosa M Otero Malvarez.

9.- Encomenda de funcions a D Eugenio Falque Fontan con nº de persoal 80495

Por Resolucion de data 13/05/2015, encomendase provisionalmente ao funcionario D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao Parque Mobil, as funcións correspondentes ao posto de Xefe de equipo, con carácter transitorio mentras non sexa cuberta a mesma polos procedementos legalmente establecidos. A dita encomenda, de carácter provisional, con efectos de data 15/01/2015 terá validez ata que se proceda á cobertura do posto e en todo caso ata 31 de decembro do 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

–Pola Intervencion xeral expidese documento contable nº 28163 por importe de 4.095,63 € con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 “Productividade” do orzamento prorrogado vixente, ao obxecto de dar cobertra orzamentaria a devandita encomenda.

- Inclúense no presente expediente copia das distintas Resolucions anteriormente mencionadas.

13) Ata a data recibíronse no Servizo de Recursos Humanos as seguintes peticións de aboamento de complemento de produtividade :

23) 2436-340.- Aboamento complemento de produtividade por encomenda de funcions 2º trimestre 2015.-D Rosendo Covelo Roma

24) 505-330 Solicitud de complemento de produtividade para o Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural por encomenda de funcions correspondente ao 1º trimestre 2015.

25) 3894/550 - Informe produtividade TEACV 2º trimestre 2015

26) 11957-77 Solicitud abono produtividade por encomenda de funcions a D Francisco J Gutierrez Orue 2º trimestre 2015

27) Solicitud de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcions encomendadas Oscar Couce Senra, no periodo comprendido entre o 1 de abril ao 12 de maio de 2015

28) Informe asinado pola Alcaldía Presidencia en data 13/07/2015, de solicitud de complemento de produtividade a D Avelino San Luis Costas, correspondente ao 2º trimestre do ano 2015

29) 7138-320 Solicitud de aboamento de complemento de produtividade a D^a Rosa Maria Otero Malvarez polo desempeño das funcions encomendadas e realizadas no 2º trimestre 2015.

30) 7139-320 Solicitud de aboamento de complemento de produtividade a D^a Sara Castro Cerqueira polo desempeño das funcions encomendadas e realizadas no 2º trimestre 2015

31) Doc 150086848 Solicitud aboamento de complemento de produtividade a D Eugenio Falque Fontan polo desempeño das funcions encomendadas e realizadas no 1º e 2º trimestre 2015

Compartense os criterios da Intervencion Xeral en canto a necesidade de informe de

fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucións de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucións asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.

A funcionaria que suscribe entende que deberíase proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.

Así mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que, no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións no atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas a clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscrición provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

14) *As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.*

O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente.

Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos

ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para

cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Deste xeito, nos expedientes e documentos anteriormente citados inclúese informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, conformados polos respectivos concelleiros das Areas.

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacions, etc, as cantidades a percibir nos periodos sinalados serían as seguintes:

N.P.	Nome	Periodo	Importe
23627	Covelo Roma, Gonzálo	01/04/2015-30/06/2015	2.024,49 €
79389	Couce Senra, Óscar	01/04/2015-12/06/2015	1.115,10 €
77210	López Moure, Jesús	01/04/2015-30/06/2015	1.817,20 €
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	01/04/2015-30/06/2015	3.309,30 €
9900	San Luis Costas, Avelino	01/04/2015-30/06/2015	2.600,10 €
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	01/04/2015-30/06/2015	2.094,30 €
80568	Otero Malvarez, Rosa María	01/04/2015-30/06/2015	1.837,85 €
80481	Castro Cerqueira, Sara	01/04/2015-30/06/2015	1.237,99 €
80495	Falque Fontan , Eugenio	01/01/2015-30/06/2015	2.047,65 €

Para gasto correspondente aos funcionarios D Eugenio Falque Fontan, D Sara Castro Cerqueira, D Rosa María Otero Malvarez e D Francisco J Gutierrez Orue foron realizadas as oportunas Reservas de Crédito nº 28163 (Eugenio Falque Fontan), 10831 (Sara Castro Cerqueira e Rosa M Otero Malvarez) e 11359 (D Francisco J Gutierrez Orue).

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas nos periodos sinalados:

N.P.	Nome	Periodo	Importe
23627	Covelo Roma, Gonzálo	01/04/2015-30/06/2015	2.024,49 €
79389	Couce Senra, Óscar	01/04/2015-12/06/2015	1.115,10 €
77210	López Moure, Jesús	01/04/2015-30/06/2015	1.817,20 €
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	01/04/2015-30/06/2015	3.309,30 €
9900	San Luis Costas, Avelino	01/04/2015-30/06/2015	2.600,10 €
13920	Gutierrez Orue, Francisco J.	01/04/2015-30/06/2015	2.094,30 €
80568	Otero Malvarez, Rosa María	01/04/2015-30/06/2015	1.837,85 €
80481	Castro Cerqueira, Sara	01/04/2015-30/06/2015	1.237,99 €
80495	Falque Fontan , Eugenio	01/01/2015-30/06/2015	2.047,65 €

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 18.083,98 € € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 "Productividade".

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(924).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) SOLICITUDE PRÓRROGA DA PERMANENCIA NA SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO FORMULADA POLO EMPREGADO MUNICIPAL D. EMILIO IGLESIAS ÁLVAREZ. EXPTE. 26677/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 28.07.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 25/05/2015 (documento nº 150066116) foi presentada solicitude de prórroga no servizo activo ata 31 de decembro de 2015 por D. Emilio Iglesias Alvarez, con DNI 35.989.841-Q e número de persoal 17271.

Coa vixencia da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) a configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade da determinación de criterios de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.

O artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade. A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación."

Tal precepto foi interpretado, para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública -coas reformas que no seu día efectuaron no seu teor as Leis 13/1996, de 30 de decembro, e 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social- o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo, e dende o 01/01/1998, ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar por imperativo legal ao cumprir os 65 anos de idade.

O Ministerio de Administracións Públicas (MAP), en coordinación coas Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobou os "CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL", consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prorrogação no servizo activo.

O interesado técnico medio, adscrito a posto de traballo código 297-"Xefe de Electromecánicos" da vixente Relación de Postos de Traballo- solicita a prórroga do servizo activo con suficiente antelación, cumprindo a idade de xubilación forzosa (65 anos) o vindeiro 11/08/2015, indicando na súa solicitude que se debe ao feito de poder rematar a tramitación de expedientes fundamentais para o Concello, relacionados coas súas competencias.

Asimesmo, polo Asesor Xurídico da Área de Fomento co conforme do Sr. Concelleiro de dita Área, emítese informe en data 27/05/2015 no que se indica que a solicitude favorece o interese público que o Concello representa, sendo polo tanto favorable.

A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a prórroga no servizo activo do empregado municipal D. Emilio Iglesias Alvarez, con DNI 35.989.841-Q e número de persoal 17271, técnico medio, adscrito ao posto de traballo código 297-"Xefe de Electromecánicos" da vixente Relación de Postos de Traballo, con efectos do día 11 de agosto de 2015 -data de cumprimento da idade de xubilación forzosa- nos termos da solicitude formulada polo interesado, así como do informe favorable conformado polo Sr. concelleiro-delegado da Área de Fomento e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados.

Segundo.- A presente autorización de prórroga no servizo activo será ata 31 de decembro de 2015, segundo petición do interesado, declarándose de oficio a súa xubilación en dita data.

Contra o presente acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo nos

supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses.

Con data 30.07.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. AVELINO MANUEL SAN LUIS COSTAS. EXPTE. 26910/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 28.07.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. AVELINO MANUEL SAN LUIS COSTAS, con DNI 35946375-C, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionario de carreira.

Nº de persoal: 9900

Data de nacemento: 09/08/1946

Praza: Técnico de Administración Xeral, subgrupo A1 de titulación.

Posto de traballo: Xefe Relacións Públicas, código 67, adscrito ao Gabinete da Alcaldía.

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 01.

2.- Ó Sr. San Luis Costas autorizouse a prolongación no servizo activo por un período de de 2 anos por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal de data 03/07/2013.

3.- Con data 07/05/2015, o Sr. San Luis Costas presenta escrito a través do Rexistro Xeral do Concello (doc. 150054737), no que solicita se considere iniciado o procedemento para pase a situación de xubilación a partir do 09/08/2015.

4.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social que o Sr. San Luis Costas cumpre os 69 anos en data 09/08/2015 -data na que finaliza a autorización da prórroga outorgada-, que cumpre cos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, contando neste Concello con 39 anos de servizos, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 09/08/2015.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", Asímesmo, no seu apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se

aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- Real Decreto Legislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade.”

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

VI.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira D. Avelino Manuel San Luis Costas, con nº de persoal 9900, na praza de técnico de Administración Xeral, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 09/08/2015.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 30.07.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(925).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO PARA A “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE”. EXPTE. 3403/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 24.07.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Tendo en conta o informe do técnico municipal D. Jerónimo Centrón Castañón de data 22 de xullo de 2015 no que indica que se considera necesaria a mellora da rede de saneamento na rúa Jacinto Benavente, e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 23 de xullo de 2015, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE” considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(926).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.